



## INSTRUCCIÓN DE SUSPENSIÓN CAUTELAR DE USO DA VACINA ANTIGRIPAL CHIROMAS do laboratorio Novartis.

A Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS) notificou a decisión de suspensión cautelar da vacina antigripal CHIROMAS do laboratorio Novartis ante a presenza de partículas blancas en suspensión (Alerta nº I-47/2012). Por elo a Consellería de Sanidade, tendo en conta que esta vacina é unha das que estamos utilizando na campaña de vacinación antigripal que se está a desenvolver en Galicia, acorda:

- A inmovilización preventiva de tódalas unidades existentes de tó dolos lotes de esta vacina nos puntos de distribución e dispensación ata que se resolva a investigación iniciada.
- Coa información dispoñible nestes momentos non hai ningún elemento que indique que haxa un risco engadido para as persoas que xa recibiron esta vacina e polo tanto non é necesario facer un seguemento especial destas persoas.
- A partir de agora, utilizaráse para toda a poboación diana a Vacina Antigripal Pasteur ou Gripavac do laboratorio Sanofi Pasteur MSD, que están autorizadas e indicadas para tódolos grupos desta campaña.
- Para facilitar o adecuado desenvolvemento da campaña de vacinación en marcha, as doses de Chiromas existentes nos puntos de vacinación manteránse nas condicións axeitadas ata novas instrucións ao respecto.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2012

O Director Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

  
Manuel Varela Rey

  
DIRECCIÓN XERAL DE INNOVACIÓN E XESTIÓN DA SAÚDE PÚBLICA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE